

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTABLECEN AS CONDICIÓN S DE TRABALLO DAS COMISIÓ NS TÉCNICAS DE VALORACIÓN DE SUBVENCIÓN S DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

En virtude das competencias atribuídas á Presidencia da Deputación, e co obxectivo de garantir a calidade, rigor e transparencia nos procesos de avaliación técnica das subvencións convocadas por esta institución,

RESOLVO

Único.- Aprobar as condicións que rexerán o funcionamento das comisións técnicas de valoración de subvencións, así como as obrigas das persoas que as integren.


1. Requisitos das persoas integrantes das Comisións Técnicas de valoración

As persoas propostas para formar parte das comisións técnicas deberán:

- Dispor dun currículo adecuado á natureza dos proxectos que se van valorar con formación e/ou experiencia no ámbito de actuación da convocatoria de subvencións correspondente.
- Dispor de certificado electrónico en vigor para identificación e sinatura de documentos, xa que será o medio exclusivo de identificación para acceder aos expedientes a través das ferramentas habilitadas pola Deputación.
- Coñecer as causas de abstención recollidas na Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, e comprometerse a absterse nos casos establecidos pola normativa vixente.
- Coñecer e aceptar o deber de confidencialidade, obrigándose a gardar segredo sobre calquera dato ou información relacionada coa Deputación, os seus empregados, usuarios ou expedientes, e a non utilizala en beneficio propio ou de terceiros.
- Achegar certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acredite que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que se autorice expresamente a consulta dos datos tributarios e non se manifeste oposición á consulta dos datos da Seguridade Social.

A acreditación do cumprimento dos requisitos anteriores realizarase mediante a achega do currículo actualizado e do anexo de declaracións, debidamente cuberto e asinado electronicamente pola persoa proposta. A presentación desta documentación efectuarase exclusivamente a través da sede electrónica da Deputación da Coruña.

2. Nomeamento das persoas integrantes das Comisións Técnicas



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Para poder tramitar o seu nomeamento, as persoas inicialmente propostas deberán presentar a seguinte documentación a través da sede electrónica da Deputación da Coruña, dirixida ao servizo do que dependan as axudas que vaian valorar:

- Currículum actualizado, no que se recolla a formación e/ou experiencia relacionada coa natureza dos proxectos obxecto de valoración.
- Modelo normalizado de declaracións responsables, de acordo co anexo desta resolución, debidamente asinado electronicamente.
- No caso de que a persoa ou entidade non conste no ficheiro de terceiros da Deputación ou teña intención de modificar a conta bancaria existente, deberá achegar tamén:
 - Designación de conta bancaria, segundo o modelo oficial aprobado pola Deputación.
 - Certificación de titularidade da conta bancaria, asinada dixitalmente pola entidade bancaria.

O nomeamento aprobarase por resolución da Presidencia, na que deberá facerse mención expresa á presente Resolución indicando o lugar da sede electrónica no que se atopa publicada.

3. Modalidade de traballo

A dinámica de traballo será a seguinte:

a) A Unidade Xestora facilitará ás persoas integrantes da Comisión un acceso electrónico aos expedientes unha vez revisados tecnicamente, incluíndo información sobre cales están pendentes e cales xa foron validados.


b) Cando todos os expedientes estean dispoñibles, convocarase unha reunión presencial, cunha antelación mínima de 10 días hábiles. A asistencia será obrigatoria, agás causa maior debidamente xustificada.

c) Para a valoración, remitirase un modelo en folla de cálculo no que deberán consignar:

- A puntuación asignada a cada entidade en cada criterio/subcriterio.
- A xustificación da puntuación total asignada a cada expediente.

O documento deberá remitirse á Unidade Xestora cunha antelación mínima de 48 horas respecto da reunión convocada.

d) A Unidade Xestora elaborará un documento conxunto coas medias, que servirá de base para debater na reunión. Nela acordarase a puntuación definitiva e a argumentación conxunta.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

3. Revisión tras alegacións e recurso de reposición

Unha vez publicada a resolución provisional, abrírase un período de alegacións de 10 días hábiles. Tras a revisión pola Unidade Xestora, de ser necesario, remitiranse as alegacións á Comisión Técnica, que deberá emitir un informe no prazo máximo de 10 días hábiles, no que:

- Se argumente o mantemento ou modificación das puntuacións revisadas.
- Se avalíen expedientes non valorados previamente, se así fose necesario.

Emitirase o mesmo informe no prazo sinalado para a resolución de recursos de reposición baseados na disconformidade coa valoración da comisión técnica.

No caso de que a Unidade Xestora o considere máis conveniente, poderán ser convocados a unha reunión telemática, da que se levantará acta sobre as alegacións ou o recurso presentado.

4. Honorarios e penalizacións

O importe máximo por persoa integrante é o establecido nas Bases de execución do orzamento e inclúe todos os gastos (desprazamentos, manutención, etc.).

A contía estará suxeita ás seguintes condicións:

- Non asistencia á reunión (agás causa maior acreditada documentalmente): perda total do dereito a percibir honorarios.
- Non entrega da valoración completa no prazo establecido (48 h antes da reunión): perda total do dereito a percibir honorarios.
- Retraso na emisión do informe de alegacións: desconto do 5% dos honorarios totais por cada día hábil de atraso, ata un máximo do 50%.

O importe total dos honorarios será pagado unha vez finalice o prazo para a emisión do correspondente informe sobre os recursos de reposición presentados, de ser o caso.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

ANEXO

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS PERSOAS INTEGRANTES DAS COMISIÓNES TÉCNICAS DE VALORACIÓN DE SUBVENCIONES

D./D^a _____, con DNI nº _____,

DECLARA RESPONSABLEMENTE, para os efectos previstos nas condicións que rexerán o funcionamento das comisións técnicas de valoración de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, o seguinte:

☐ Que coñece e acepta as obrigas derivadas da Resolución pola que se establecen as condicións de traballo das comisións técnicas de valoración de subvencións da Deputación da Coruña.

☐ Que dispón de certificado electrónico en vigor para identificación e sinatura de documentos, que empregará como medio exclusivo de identificación para acceder aos expedientes a través das ferramentas habilitadas pola Deputación.

☐ Que coñece as causas de abstención recollidas na Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, e se compromete a absterse nos casos establecidos pola normativa vixente.

☐ Que coñece e acepta o deber de confidencialidade, obrigándose a gardar segredo sobre calquera dato ou información relacionada coa Deputación, os seus empregados, usuarios ou expedientes, e a non utilizala en beneficio propio nin de terceiros.

☐ Que autoriza expresamente á Deputación da Coruña para realizar a consulta directa dos datos tributarios ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e non se opón á consulta dos datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

No caso de non autorizar ou opoñerse, deberá achegar as certificacións correspondentes.

E, para que así conste e produza os efectos oportunos, asina a presente declaración responsable.

En _____, na data da sinatura electrónica.

Documento asinado electrónicamente